



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Métodos e Técnicas para a Elaboración e Presentación de Traballos de Investigación | Código | 613584104 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 3 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Eirin García, Leticia | Correo electrónico | leticia.eirin@udc.es | |
| Profesorado | Eirin García, Leticia | Correo electrónico | leticia.eirin@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Metodoloxía e técnicas para a elaboración e presentación de traballos científicos, patróns formais para a presentación de traballos por escrito e a súa defensa oral, uso de distintos métodos de referencias bibliográficas e recursos dispoñibles para os/as investigadores/as. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|---------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Ter capacidade de análise, valorar e exercer o coñecemento desde un punto de vista crítico. | AM5 AM6 AM7 AM9 | BP3 BP4 BP5 | CM3 CM5 |
| Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas para a investigación en humanidades. | AM2 AM4 AM5 AM6 AM7 AM8 AM9 AI3 | BP1 BP5 BP8 BI1 | CM1 CM2 CM5 CM6 CI2 CI3 |
| Elaborar textos escritos académicos de diversa tipoloxía. | AI1 | BP1 BP5 BP7 BI2 | CM1 CM5 CI1 |
| Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre un asunto literario e/ou cultural concreto. | AM5 AM6 | BM2 BM3 BP7 BI2 BI3 | CI1 |

| Contidos | |
|----------------------------|----------------------|
| Temas | Subtemas |
| 1. Aspectos introductorios | Nocións preliminares |



| | |
|--|--|
| 2. Tipos de traballos de investigación | Traballo fin de mestrado, relatorio, tese, artigo, edición crítica, monografía etc. |
| 3. Organización do traballo de investigación | <ul style="list-style-type: none"> - Escolla do tema - Hipótese(s) previas - Obxectivos - Escolla do título - Metodoloxías - Corpus - Conclusións |
| 4. Obtención e clasificación da información | <ul style="list-style-type: none"> - Selección de fontes (documentais, bibliográficas etc.) - Recursos de información - Aproximación ás bases de datos |
| 5. Aspectos formais | <ul style="list-style-type: none"> - Estruturación do traballo - A redacción - Resumos e palabras chave - Normas internacionais de citacións bibliográficas - Citacións e notas (funcións e sistemas) - Criterios gráficos - Tipografías - Índice(s) |
| 6. Presentación dos traballos | <ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas para a expresión oral - Preparación da exposición - O acto de defensa de traballos de investigación |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Obradoiro | A2 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B7 B14 B8 B12 B3 C1 C7 C5 C6 C8 | 10 | 30 | 40 |
| Seminario | A2 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B7 B14 B8 B12 B3 C1 C7 C5 C6 C8 | 5 | 10 | 15 |
| Traballos tutelados | A4 A14 A9 A12 B13 B4 B14 B3 B11 C1 C2 C3 C7 C5 C6 C8 C9 | 0 | 15 | 15 |
| Presentación oral | B2 B10 B3 | 1 | 3 | 4 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Obradoiro | Nestas sesións o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos da materia. Contémpanse, entre outras, a análise de fontes documentais, a resolución de problemas ou o emprego das TIC. |
| Seminario | Nas sesións dedicadas ao seminario desenvolverase o traballo en grupo, centrado principalmente na análise e discusión a partir de lecturas e/ou materiais que serán marcados e facilitados pola profesora. |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Consistirá na realización dun breve ensaio, cuxo tema e metodoloxía deberá ser previamente acordado coa profesora. |
| Presentación oral | Exposición oral, na aula, do traballo tutelado. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Traballos tutelados Presentación oral | A profesora orientará aos e ás estudantes, ofrecéndolles a axuda necesaria para a realización dos traballos e das presentacións orais, especialmente en cuestións como a escolla do tema, a metodoloxía ou a selección das fontes de información. A orientación realizarase de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|--|---|---------------|
| Traballos tutelados | A4 A14 A9 A12 B13 B4 B14 B3 B11 C1 C2 C3 C7 C5 C6 C8 C9 | Avaliación do ensaio breve que cada alumno/a realizará, cuxo tema e metodoloxía deberá ser previamente acordado coa profesora. | 60 |
| Seminario | A2 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B7 B14 B8 B12 B3 C1 C7 C5 C6 C8 | Traballo en grupo, centrado principalmente na análise e discusión a partir de lecturas e/ou materiais que serán marcados e facilitados pola profesora. O alumnado deberá participar activamente nestas sesións. | 15 |
| Presentación oral | B2 B10 B3 | Avaliación da presentación oral do traballo tutelado. | 10 |
| Obradoiro | A2 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B7 B14 B8 B12 B3 C1 C7 C5 C6 C8 | Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía. | 15 |

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, no traballo tutelado deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades solicitados no prazo fixado.

Todas as actividades e probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo/a mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4).

As persoas matriculadas a tempo parcial e que obtiveren dispensa académica deberán pórse en contacto coa profesora para fixar os traballos que deberán entregar.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non realizar o traballo tutelado e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.

As persoas que non superaren a materia deberán entregar, na data marcada pola Facultade de Filoloxía para a segunda oportunidade, o traballo tutelado (80%) e realizar unha breve exposición oral do mesmo (20%).

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Alcina Franch, José (1994). Aprender a investigar: métodos y trabajo para la redacción de tesis doctorales (Humanidades y Ciencias Sociales). Madrid: Compañía Literaria- Briz, Antonio (coord.) (2008). Saber hablar. Madrid: Aguilar- Dias, Maria Olívia (2008). Manual de sugestões para estudantes: estudar e fazer trabalhos académicos com método . Viseu: Psicosoma- Eco, Umberto (2001). Cómo se hace una tesis: técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura. Barcelona: Gedisa- Estrela, Edite (coord.) (2009). Saber Escrever uma Tese e Outros Textos. Lisboa: Dom Quixote- Fernandes, António José (2002). Métodos e Regras para Elaboração de Trabalhos Académicos e Científicos. Porto: Porto Editora- López Yepes, José et al. (2005). Las tesis doctorales. Producción, evaluación y defensa. Madrid: Fragua- Montolío, Estrella (coord.) (2009). Manual práctico de escritura académica. Barcelona: Ariel- Pantoja Vallejo, Antonio (coord.) (2009). Manual básico para la realización de tesinas, tesis y trabajos de investigación. Madrid: EOS Universitaria- Phillips, Estelle M. & Pugh, Derek S. (2005). La tesis doctoral. Cómo escribirla y defenderla. Un manual para estudiantes y sus directores. Barcelona: Bresca- Sierra Bravo, Restituto (1994). Tesis doctorales y trabajos de investigación científica. Madrid: Paraninfo- Soriano, Ramón (2008). Cómo se escribe una tesis. Guía práctica para estudiantes e investigadores. Córdoba: Berenice <p>Proporcionaranse outros recursos bibliográficos específicos e en liña para os temas tratados nesta materia a través da plataforma Moodle.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Recursos para a investigación da literatura/613484007

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías